

Notas de prensa

Mini e Mero, homenaxeados no día da Galiza Mártir 2012 polo seu labor de investigación, apoio e difusión da recuperación da memoria histórica

A Fundación "Alexandre Bóveda" acordou conceder a Xosé Luís Rivas Cruz (Mini) e a Baldomero Francisco Iglesias Dobbarrio (Mero) a concesión do VI Premio Día da Galiza Mártir polo seu labor de divulgación da nosa memoria histórica silenciada.



Neles únese a preocupación por investigar e coñecer o acontecido, coa necesidade de socializar estes feitos.

Na súa longa traxectoria no campo da música teñen abordado esta temática nas súas composicións, tanto ambos os dous como a través da súa participación en Fuxan os Ventos ou A Quenlla.

Algunhas pezas súas como por exemplo Romance de Cego á

Caída de Manuel Ponte, Comandante Moreno, As cunetas son hoxe referencias fundamentais para dar conta do acontecido. Mais quizais o seu traballo máis explícito sobre a recuperación da memoria histórica sexa "Silencios na Memoria".

Mais a sobre todo, a Fundación "Alexandre Bóveda", quixo recoñecer a súa presenza coa súa actuación nas homenaxes a vítimas da represión franquista.

Son innumerábeis os actos que contaron coa súa intervención, acudindo de xeito desinteresado a toda clase de actos coas que as asociacións lembraban vítimas da represión. Homenaxes a Moncho Reboiras, en San Simón, no Congreso da Guerrilla e moitos outros contaron coa súa arte para dignificalos e apoialos. Se ben, eles mesmos teñen desenvolvido labor directa de recuperación da nosa historia como é o caso de do traballo levado a cabo por Mini a respecto das vítimas da represión en Boimorto. O premio "Día da Galiza Mártir", que botou a andar o 2006 con motivo da declaración institucional da Xunta do "Ano da Memoria", pretende lembrar aos lembran, homenaxear aos que homenaxean e, en definitiva, recoñecer as persoas e colectivos que contribuíron a que non se esquezan ás vítimas e aos feitos que tiveron lugar. Recibiron este galardón Mariví Villaverde, Teresa Alvar, Dionisio Pereira, as mocidades do 36 (Díaz Pardo, Avelino Pousa, Fernández del Riego e Xaime Illa Couto), Xusto G. Beramendi, e a asociación "Sempre con Vós" de Pontevedra na persoa do seu presidente Xosé Álvarez. Todos eles, porque investigaron, simplemente sufriron a represión e viviron para contalo, porque difundiron a través das súas actividades ou publicacións, fixeron posíbel que hoxe saibamos máis sobre estes feitos que tratan de acochar conxuntamente coas vítimas que as sufriron.

O acto de recoñecemento e entrega levarase a cabo no xantar do propio día da Galiza Mártir, o 17 de agosto, en Pontevedra, e todos aqueles que estean interesados en participar poden facelo poñéndose en contacto coa Fundación Alexandre Bóveda para facer a reserva a través da seguinte ligazón